

I. DISPOSICIÓNS XERAIS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

ORDE do 8 de xuño de 2021 pola que se modifica a Orde do 27 de febreiro de 2012 pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o seu procedemento (código de procedemento PR485A).

O 12 de marzo de 2012 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 27 de febreiro de 2012 pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o seu procedemento (código de procedemento PR485A).

O Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, sinala no seu artigo 5 que se creará o Rexistro de plans de autoprotección. O rexistro ten como finalidade establecer unha base de datos sobre o contido dos plans de autoprotección, á cal poderán acceder os servizos de emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia, para os efectos de ampliar a información sobre os centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias, que facilite e optimice as súas posibles intervencións en caso de sinistro.

Tendo en conta a complexidade do Rexistro e a necesidade de regular aspectos como as modificacións e baixas dos plans, a documentación que se lle debe xuntar á solicitude, e as melloras necesarias que se deben implantar para que a consulta dos datos contidos nel sexa máis doada, procédese á súa modificación.

Visto o anterior,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Orde do 27 de febreiro de 2012*

A Orde do 27 de febreiro de 2012 pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o seu procedemento (código de procedemento PR485A) modifícase nos seguintes termos::

Un. O artigo 4 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 4

1. Os/as titulares de centros, establecementos e instalacións dedicados ás actividades que se determinan no catálogo de actividades recollido no anexo I do Decreto 171/2010,

CVE-DOG: g97kc0w0-ybe3-qng1-fyp1-scvdahtmq79



do 1 de outubro, deberán solicitar a inscrición no Rexistro de plans de autoprotección con carácter previo ao inicio da súa actividade ou á modificación do exercicio da xa autorizada.

2. As solicitudes de inscrición no rexistro presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

3. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>)».

Dous. O artigo 5 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 5

1. A solicitude de inscrición no Rexistro de plans de autoprotección componse dos datos recollidos no formulario do anexo I da presente orde e dos documentos que deben acompañala. O formulario (de inscrición, modificación de datos ou baixa) incorpora os datos relativos ao centro, establecemento ou evento en que se realiza a actividade exercida que



determina a inscrición no Rexistro, datos das persoas responsables da dirección do plan, e da dirección do plan de actuación en emerxencias, e da persoa redactora do plan, así como datos relativos á actividade exercida, contorno, accesibilidade, datos estruturais, focos de perigo e vulnerabilidades e instalacións técnicas de protección contra incendios.

2. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- Certificado de implantación.
- Declaración responsable da persoa redactora en que ela mesma declara a súa habilitación e capacitación, consonte o artigo 2.2 do Decreto 171/2010, do 1 de outubro.
- Declaración da persoa titular da actividade, ou da persoa que exerza a súa representación legal, de que se entregou o documento ante o órgano que outorga a licenza, permiso ou autorización determinante para a explotación ou inicio da actividade.
- Plano de descrición dos accesos ao centro.
- Plano de elementos vulnerables.
- Plano de focos de perigo.
- Plano de localización e contorno do centro.
- Taxas administrativas devindicadas pola inscrición no rexistro, código da taxa 30.02.00, de ser o caso.
- Acreditación da representación legal, se for o caso».

Tres. O artigo 6 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 6

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.

CVE-DOG: g97kc0w0-ybe3-qnq1-fyp1-scvdahtmq79



b) DNI/NIE da persoa representante.

c) NIF da entidade solicitante.

d) NIF da entidade representante.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes».

Catro. O artigo 7 queda coa seguinte redacción:

«Artigo 7. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpren a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

CVE-DOG: g97kc0w0-ybe3-qmq1-fyp1-scvdahtmq79



4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común».

Cinco. Engádense os artigos 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15 e 16, coa seguinte redacción:

«Artigo 8. *Trámites posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia».

«Artigo 9. Unha vez revisada a solicitude de inscrición, co contido recollido no artigo 5 e os documentos que se deben achegar coa solicitude, o órgano encargado do Rexistro requirirá o interesado para que no prazo de dez días hábiles, a partir do día seguinte á recepción da notificación, emende as deficiencias detectadas, coa indicación de que, se así non o fixer, se considerará que desiste na súa petición».

«Artigo 10. De conformidade coa Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exencións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, para facer efectivo o rexistro do plan, os/as titulares de centros, establecementos e instalacións dedicados ás actividades que se determinan no catálogo de actividades recollido no anexo I do Decreto 171/2010, terán que formalizar o pagamento de taxas por inscrición en rexistros oficiais. (código 30.02.00)».

«Artigo 11. Recibida correctamente a solicitude de inscrición e os documentos pertinentes, o órgano responsable do rexistro ditará resolución de inscrición no Rexistro de plans de autoprotección, asignando o número de inscrición correspondente. A resolución pola que se acorde a inscrición deberá notificarse no prazo máximo de tres meses contado desde a data de entrada da solicitude no Rexistro. Transcorrido o devandito prazo, o/a interesado/a poderá entender estimada a súa solicitude».

«Artigo 12. Para todo o non previsto nesta orde aplicarase o previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia; na Norma básica de autoprotección establecida polo



Real decreto 393/2007, do 23 de marzo (modificado polo Real decreto 1468/2008, do 5 de setembro); na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, así como no resto da normativa que resulte de aplicación».

«Artigo 13. Calquera modificación que afecte os datos que figuren inscritos no Rexistro deberá ser notificada no prazo de tres meses desde que se produza. A solicitude de modificación de datos realizarase presentando por medios electrónicos o anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia».

«Artigo 14. Finalizada a actividade obxecto de inscrición no rexistro, o/a titular debe solicitar a baixa da inscrición no Rexistro de plans de autoprotección no prazo máximo de tres meses desde o cesamento da actividade. No caso de producirse modificacións na actividade que supoñan a súa exclusión do ámbito de aplicación do Decreto 171/2010, do 1 de outubro, disporá do prazo de tres meses para solicitar a baixa no Rexistro de plans de autoprotección. A solicitude de baixa da inscrición realizarase presentando por medios electrónicos o anexo I dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia».

«Artigo 15. Unha vez recibida a solicitude de modificación ou baixa, o órgano responsable do Rexistro ditará resolución en que a estime ou desestime, segundo proceda, debendo notificarse no prazo máximo de tres meses contado desde a data de entrada da solicitude».

«Artigo 16. O Rexistro de plans de autoprotección é un rexistro público, polo que o dereito de acceso aos datos contidos nel se rexerá polo establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o resto do ordenamento xurídico. Sen prexuízo diso, terán acceso telemático ao seu contido os concellos respecto de centros e establecementos situados no seu territorio, ou eventos que se desenvolvan nel, servizos públicos competentes en materia de atención de emerxencias e outros órganos administrativos con competencias que afecten a autoprotección».

Seis. Engádese a seguinte disposición adicional:

«Disposición adicional primeira. *Actualización dos modelos normalizados*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, o modelo normalizado aplicable na tramitación dos procede-



mentos regulados nesta disposición, poderá ser actualizado co fin de mantelo adaptado á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente a publicación do modelo actualizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estará permanentemente accesible para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*».

Sete. Suprímense a disposición transitoria primeira e a disposición transitoria segunda.

Oito. Modifícase o anexo I, que queda redactado nos termos en que se publica xunto con esta orde.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase a persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de protección civil para ditar os actos e instrucións necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2021

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente primeiro e
conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

CVE-DOG: g97kc0w0-ybe3-qnq1-fyp1-scvdahtjm9




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO I

PROCEDEMENTO INSCRICIÓN NO REXISTRO DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PR485A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---------------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Envíaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

OBXECTO DA SOLICITUDE			
☐ ALTA	☐ MODIFICACIÓN: N° rexistro	☐ BAIXA: Data efectos	N° rexistro

DATOS XERAIS							
CENTRO/ESTABLECEMENTO/EVENTO							
NOME ESTABLECEMENTO				N° OCUPANTES		N° PERSOAS EMPREGADAS	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
COORDENADA UTM X (no datum ETRS89 e fuso 29)				COORDENADA UTM Y (no datum ETRS89 e fuso 29)			
DIRECTOR/A DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO/ESTABLECEMENTO/EVENTO							
NOME/RAZÓN SOCIAL						NIF	
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO			SEXO			
				☐ HOME ☐ MULLER ☐ OUTROS			
CARGO							

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: g97kc0w0-ybe3-qng1-fyp1-scvdahtmq79


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMOANEXO I
(continuación)

DATOS XERAIS (continuación)

DIRECTOR/A DO PLAN DE ACTUACIÓN DE EMERXENCIAS-XEFE/A DE EMERXENCIAS-
NOME/RAZÓN SOCIAL

NIF

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

SEXO

☐ HOME☐ MULLER☐ OUTROS

TÉCNICO/A REDACTOR/A DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

NIF

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

SEXO

☐ HOME☐ MULLER☐ OUTROS

TITULACIÓN/HABILITACIÓN

ACTIVIDADES

TIPO ACTIVIDADE		ACTIVIDADE PRINCIPAL	OUTRAS ACTIVIDADES
Con regulamento sectorial	ACTIVIDADES INDUSTRIAIS, DE ALMACENAMENTO E DE INVESTIGACIÓN		
	Establecementos en que interveñen substancias perigosas (afectados polo RD 840/2015, do 21 de setembro)	☐	☐
	Almacenamentos de produtos químicos acollidos ás seguintes instrucións técnicas complementarias:		
	ITC APQ-1	☐	☐
	ITC APQ-2	☐	☐
	ITC APQ-3	☐	☐
	ITC APQ-4	☐	☐
	ITC APQ-5	☐	☐
	ITC APQ-6	☐	☐
	ITC APQ-7	☐	☐
	ITC APQ-8	☐	☐
	Establecementos en que interveñen explosivos	☐	☐
	Actividades de xestión de residuos perigosos	☐	☐
	Explotación e industrias relacionadas coa minaría	☐	☐
	Instalacións de utilización confinada de organismos modificados xeneticamente	☐	☐
	Instalacións para a obtención, transformación, tratamento, almacenamento e distribución de substancias ou materias biolóxicas	☐	☐
	ACTIVIDADES DE INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTE		
	Túneles de estrada	☐	☐
	Portos comerciais	☐	☐
	Aeroportos, aeródromos e demais instalacións aeroportuarias	☐	☐
	ACTIVIDADES E INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS		
	Instalacións nucleares e radioactivas	☐	☐
	Infraestruturas hidráulicas	☐	☐
	ACTIVIDADES DE ESPECTÁCULOS E RECREATIVAS		
	En edificios pechados permanentes non desmontables	☐	☐
	Instalacións ou locais pechados desmontables ou de tempada	☐	☐
	Outras actividades en espazos delimitados	☐	☐
	Actividades en espazos non delimitados	☐	☐
	OUTRAS ACTIVIDADES REGULADAS POR NORMATIVA SECTORIAL DE PROTECCIÓN	☐	☐

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO I
(continuación)

ACTIVIDADES (continuación)		ACTIVIDADE PRINCIPAL	OUTRAS ACTIVIDADES
	TIPO ACTIVIDADE		
Sen regulamento sectorial	ACTIVIDADES INDUSTRIAIS E DE ALMACENAMENTO		
	Aqueles cunha carga de lume ponderada e corrixida igual ou superior a 3.200 Mcal/m ² ou 13.600 MJ/m ² , ou aquelas en que estean presentes substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores ao 60 % das especificadas na columna 2 das partes 1 e 2 do anexo 1 do Real decreto 840/2015, do 21 de setembro	☐	☐
	Instalacións frigoríficas con líquidos refrixerantes	☐	☐
	Establecementos con instalacións acollidas ás ITC IP02, IP03, IP04	☐	☐
	ACTIVIDADES E INFRAESTRUTURAS DE TRANSPORTES		
	Estacións e intercambiadores de transporte terrestre	☐	☐
	Túneles ferroviarios	☐	☐
	Autoestradas de peaxe	☐	☐
	Áreas de estacionamento para o transporte de mercadorías perigosas	☐	☐
	Portos comerciais	☐	☐
	Condutores que transportan substancias perigosas	☐	☐
	ACTIVIDADES E INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS		
	Centros ou instalacións destinadas á produción de enerxía eléctrica	☐	☐
	Instalacións de xeración e transformación de enerxía eléctrica en alta tensión	☐	☐
	ACTIVIDADES SANITARIAS		
	Establecementos de usos sanitarios en que se presten coidados médicos en réxime de hospitalización e/ou tratamentos cirúrxicos	☐	☐
	Calquera outro establecemento de uso sanitario	☐	☐
	CENTROS EDUCATIVOS		
	Establecementos de uso docente especialmente destinados a persoas discapacitadas, físicas ou psíquicas, ou outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios	☐	☐
	Calquera outro establecemento de uso docente	☐	☐
	ACTIVIDADES RESIDENCIAIS PÚBLICAS		
	Establecementos de uso residencial público en que se desenvolven actividades de residencia ou centros de día destinados a persoas anciás, con discapacidade física, sensorial, intelectual ou con enfermidade mental, ou aquelas en que habitualmente haxa usuarios que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios	☐	☐
	Calquera outro establecemento de uso residencial público	☐	☐
	OUTRAS ACTIVIDADES		
	Edifícios que alberguen actividades comerciais, administrativas, de prestación de servizos	☐	☐
Instalacións ou locais pechados desmontables ou de tempada	☐	☐	
Instalacións de cámping	☐	☐	
Outras actividades en espazos delimitados	☐	☐	
Actividades en espazos non delimitados	☐	☐	
Espazos naturais	☐	☐	

ELABORACIÓN DO PLAN	
DATA DE ELABORACIÓN DO PLAN	DATA DE ENTREGA ANTE O ÓRGANO QUE OUTORGA A LICENZA, PERMISO OU AUTORIZACIÓN DETERMINANTE PARA A EXPLOTACIÓN OU INICIO DA ACTIVIDADE





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMOANEXO I
(continuación)

DATOS ESTRUCTURAIS

CARACTERÍSTICAS CONSTRUTIVAS

ESTRUTURA

☐ FORMIGÓN☐ METÁLICA☐ MIXTA☐ MUROS DE CARGA☐ OUTROS:

FACHADA

☐ LADRILLO☐ METÁLICA☐ ENFOSCADO DE CEMENTO☐ PANEIS PREFABRICADOS☐ OUTROS:

CUBERTAS

☐ CHAPA METÁLICA☐ CURVA☐ FIBROCEMENTO☐ INCLINADA☐ MATERIAL PLÁSTICO☐ PLANA☐ TELLA CERÁMICA☐ TRANSITABLE☐ OUTROS:

CHANS

☐ PLÁSTICO☐ CERÁMICA☐ FORMIGÓN☐ MADEIRA☐ OUTROS:

NÚMERO DE PLANTA	SUPERFICIE ÚTIL (m²)	SUPERFICIE CONSTRÚIDA (m²)

NÚMERO DE PLANTAS
SOBRE RASANTENÚMERO DE PLANTAS
BAIXO RASANTENÚMERO DE SAÍDAS
AO EXTERIORNÚMERO DE ESCALEIRAS
AO EXTERIOR

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

OUTRA INFORMACIÓN (información adicional da estrutura)





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMOANEXO I
(continuación)

ACCESIBILIDADE

DATOS E INFORMACIÓN RELEVANTES SOBRE O ACCESO O CENTRO

TIPO DE ACCESO	RÚA	CLASIFICACIÓN	LARGO LIBRE (M)	ALTO LIBRE (M)	ACCESO AO INTERIOR DO EDIFICIO
☐ PRINCIPAL ☐ SECUNDARIO		☐ PEONIL ☐ RODADO ☐ AMBOS			☐
☐ PRINCIPAL ☐ SECUNDARIO		☐ PEONIL ☐ RODADO ☐ AMBOS			☐
☐ PRINCIPAL ☐ SECUNDARIO		☐ PEONIL ☐ RODADO ☐ AMBOS			☐
☐ PRINCIPAL ☐ SECUNDARIO		☐ PEONIL ☐ RODADO ☐ AMBOS			☐
☐ PRINCIPAL ☐ SECUNDARIO		☐ PEONIL ☐ RODADO ☐ AMBOS			☐
☐ PRINCIPAL ☐ SECUNDARIO		☐ PEONIL ☐ RODADO ☐ AMBOS			☐

CONTORNO

TIPO DE CONTORNO

☐ RURAL ☐ URBANO DE EQUIPAMENTO ☐ URBANO INDUSTRIAL ☐ URBANO RESIDENCIAL

☐ OUTROS:

DATOS DO CONTORNO

☐ EDIFICIO ILLADO ☐ EDIFICIO MEDIANEIRO ☐ PRÓXIMO Á COSTA ☐ PRÓXIMO A INDUSTRIAS ☐ PRÓXIMO A RÍOS

☐ PRÓXIMO A RUTAS POLAS CALES TRANSITAN VEHÍCULOS CON MERCADORÍAS PERIGOSAS ☐ PRÓXIMO A ZONAS FORESTAIS

☐ PRÓXIMO ÁS RUTAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO ☐ SITUADO EN ZONA INUNDABLE ☐ SITUADO EN ZONAS INESTABLES

☐ OUTROS:

ELEMENTOS VULNERABLES NO CONTORNO

ESTABLECEMENTOS VULNERABLES DO CONTORNO

NOME DO ESTABLECEMENTO	TIPO DE ACTIVIDADE

OUTRAS VULNERABILIDADES




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO I
(continuación)

FOCOS DE PERIGO E VULNERABILIDADE
RISCOS

TIPO DE RISCO MÁIS SIGNIFICATIVO QUE EMANA DO CENTRO/ESTABLECEMENTO/EVENTO

☐ DERRAMAMENTO ☐ ESCAPE DE GASES ☐ EXPLOSIÓN ☐ INCENDIO ☐ INUNDACIÓN ☐ RADIOLÓXICO

☐ OUTROS:

	TIPO SUBSTANCIA	PRESENTE	CANTIDADE	UNIDADES
PERIGOS FÍSICOS	Explosivo	☐		
	Gases inflamables e gases pirofóricos	☐		
	Aerosois	☐		
	Gases	☐		
	Gases baixo presión	☐		
	Líquidos inflamables	☐		
	Sólidos inflamables	☐		
	Substancias e mesturas que reaccionan espontaneamente	☐		
	Líquidos pirofóricos	☐		
	Sólidos pirofóricos	☐		
	Substancias e mesturas sometidas a quecemento espontáneo	☐		
	Substancias e mesturas que, en contacto coa agua, emiten gases inflamables	☐		
	Líquidos comburentes	☐		
	Sólidos comburentes	☐		
	Peróxidos orgánicos	☐		
	Corrosivos para os metais	☐		
	Explosivos non sensibilizados	☐		
PERIGOS PARA A SAÚDE	Toxicidade aguda	☐		
	Corrosión/irritación cutánea	☐		
	Danos oculares graves/irritación ocular	☐		
	Sensibilización respiratoria ou cutánea	☐		
	Mutaxenicidade das células xerminais	☐		
	Carcinoxenicidade	☐		
	Toxicidade reprodutiva ou lactación ou a través dela	☐		
	Toxicidade específica en determinados órganos (stot) - exposición única	☐		
	Toxicidade específica en determinados órganos (stot) - exposición repetida	☐		
PERIGOS PARA O AMBIENTE	Perigos para o medio acuático	☐		
PELIGROS PARA A CAPA DE OZONO	Perigos para a capa de ozono	☐		

ELEMENTOS VULNERABLES PRESENTES NO INTERIOR DO ESTABLECEMENTO
VULNERABILIDADES
**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

ANEXO I
(continuación)

INSTALACIÓNS TÉCNICAS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS

TIPO PROTECCIÓN	PRESENTE	DATA ÚLTIMA REVISIÓN
Detección de alarmas contra incendios	☐	
Equipo de bombeo e alxibe ou depósito	☐	
Extintores de incendios	☐	
Grupo electrógeno e sistema de alimentación ininterrompida, SAI	☐	
Iluminación de emerxencia	☐	
Plano de itinerarios de evacuación, saídas de emerxencia e puntos de concentración	☐	
Plano por plantas dos focos de perigo e elementos vulnerables	☐	
Plano por plantas dos sistemas de instalación contra incendios	☐	
Pulsadores de alarmas contra incendios	☐	
Sinalización	☐	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Certificado de implantación			
☐ Declaración responsable da persoa redactora na cal ela mesma declara a súa habilitación e capacitación			
☐ Declaración de que se entregou o documento ante o órgano que outorga a licenza, permiso ou autorización determinante para a explotación ou inicio da actividade			
☐ Plano de descrición dos accesos ao centro			
☐ Plano de elementos vulnerables			
☐ Plano de focos de perigo			
☐ Plano de localización e contorno do centro			
☐ Taxas administrativas devindicadas pola inscrición no Rexistro Código da taxa 30.02.00			
☐ Acreditación da representación			
☐ Outros			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ SI ☐ NON
NIF da entidade representante	☐ SI ☐ NON


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMOANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento de obrigas legais previstas no Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	Os datos facilitados poderán ser cedidos ás entidades previstas no Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, exclusivamente para as finalidades ás cales se refire o decreto nos seus artigos 5 (servizos de emerxencias) e 6 (inspección e control).
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 27 de febreiro de 2012 pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o seu procedemento.

Orde do 8 de xuño de 2021 pola que se modifica a Orde do 27 de febreiro de 2012 pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o seu procedemento (código de procedemento PR485A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: g97kc0w0-ybe3-qng1-fyp1-scvdahtmq79

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>